

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIIS E A ASOCIACIÓN CULTURAL LUARADA PARA O DESENVOLVEMENTO DA TRIXÉSIMA EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE-OUFF EN 2025

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, José Carlos López Campos, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q6550009B, actuando no seu nome e representación en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, Óscar Fernández González, na súa calidade de presidente da Asociación Cultural Luarada (en adiante a Asociación), con NIF G32498164 e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2019/023254-1ª, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido nos seus estatutos e segundo a acta de constitución do 18.2.2029.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Asociación Luarada é, segundo os seus estatutos, unha entidade sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, que ten como fins fundacionais a dinamización cultural, dar visibilidade a diferentes propostas, ser canle de acceso á cultura e fomentar diferentes actividades de lecer para todo tipo de público, e para tales fins pode organizar festivais, mostras, exposicións, obradoiros e xornadas didácticas, así como producir diferentes contidos audiovisuais, musicais, entre outros.

Terceiro. O Festival Internacional de Cine de Ourense-OUFF é o acontecemento máis destacado en Galicia na súa especialidade; un festival que converte a cidade ourensá, durante os días de duración do evento, nunha verdadeira “cidade de cine”, sendo un punto referencial para o público máis cinéfilo, que pode gozar de producións cinematográficas non estreadas nos circuitos, de ciclos centrados en actores, directores e



cinematografías de prestixio internacional que abrangue numerosas nacionalidades, ao tempo que se erixe como un punto de encontro anual para os profesionais do sector en Galicia.

En virtude do protocolo de colaboración de 11.4.2025 asinado entre a Deputación Provincial de Ourense e a Asociación Cultural Luarada, a Deputación, titular actual da marca “OUFF-Festival Internacional de Cine de Ourense”, outorga unha cesión temporal do uso da marca a favor da Asociación Cultural Luarada e faculta á Asociación para organizar a trixésima edición do festival en 2025, coa intención de dotalo, segundo se recolle no protocolo, dun marco de estabilidade que permita a súa consolidación e reforzamento en vindeiras edicións.

Cunha nova organización á fronte, por tanto, do evento, e unha identidade visual renovada, o OUFF volverá ser unha oferta de primeiro nivel e o evento cinematográfico máis relevante de Galicia, cunha programación rigorosa, coherente e plural, ofrecendo as estreas máis importantes do ano e poñéndose ao servizo dos profesionais galegos.

Cuarto. Supón o OUFF o evento cultural e cinematográfico internacional máis importante e destacado de Galicia, como evidencia a súa traxectoria dende que foi fundado polo cineasta galego Eloy Lozano. Os cambios experimentados ao longo da súa traxectoria conseguiron dotalo dunha identidade propia: cine de autor e social, xunto a unha variedade programática que ten como principal obxectivo chegar a un público plural, diverso e variado, e cunha estrutura de programación xa asentada entre a cidadanía, tal como demostra o nivel de participación de espectadores, en progresivo aumento. Esta identidade permite gozar dunha serie de producións cinematográficas galegas, nacionais e internacionais, na maioría dos casos non estreadas en España, así como dunha serie de ciclos centrados en autores, directores e cinematografías de prestixio nacional e internacional.

O OUFF é o certame máis antigo de carácter internacional e competitivo que se celebra na Comunidade Autónoma de Galicia, o que o converte cada ano nun evento diferencial que traspasa fronteiras. Este carácter internacional queda reflectido nos máis de 140 países dos cinco continentes que levan enviado os seus traballos ao certame, cumpríndose así un dos grandes obxectivos do evento, dar a coñecer o cine que se fai nos distintos lugares do mundo.

Ademais do apoio ao cine español, cun permanente esforzo por contar con participación do mellor do panorama nacional, o que merece destacarse é a firme aposta que dende o festival se fixo e se segue a facer polo audiovisual galego, ao que sempre se lle concedeu un gran protagonismo en todas as súas edicións. Xa dende a primeira edición, o certame ourensán serviu de grande escaparate e punto de encontro para a industria cinematográfica de Galicia con asembleas, debates, mesas redondas, presentación de proxectos, proxección de longametraxes e curtametraxes, publicacións e homenaxes que contaron coa presenza de produtores, directores, distribuidores, técnicos e actores e actrices relacionados coa produción galega. A creación do Premio Galicia de carácter competitivo en pasadas edicións, equiparándoo á sección internacional, aproveitando a dinámica positiva do crecemento de rodaxes no territorio galego, é un bo exemplo do antedito.

A súa difusión vai cobrando maior importancia por consolidarse como punto de encontro dos afeccionados e profesionais do medio cinematográfico, fundamentalmente de España, Galicia e norte de Portugal. Moitas das películas nacionais e internacionais premiadas neste festival atopan posteriormente unha distribución comercial, demostrando así a viabilidade de proxectos alternativos nos circuitos habituais, ademais de ser



tamén plataforma para novos realizadores ao potenciar a presenza nas seccións competitivas de primeiras ou segundas películas.

Hai que sumar ao antedito outro dos trazos que converten o OUFF en evento singular e é a reivindicación da memoria histórica de nomes galegos e nacionais intimamente relacionados co cine español a través das publicacións realizadas polo propio festival ou as súas exposicións temáticas centradas no audiovisual e de produción propia.

Quinto. Galicia conta cun tecido cultural de extraordinaria calidade, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer. A singularidade do Ourense Film Festival e a súa consolidación como marca cultural fan deste evento un referente único en Galicia, onde o cine galego ten unha fiestra na que amosarse ao mundo. O beneficio que reporta ao sector servizos, polo fluxo de visitantes que se achegan a Ourense para gozar, ademais do cine, da gastronomía, o termalismo, o comercio e toda a oferta turística da que dispón a cidade e os arredores, mobilizando a economía local, é outro motivo a ter en conta para apoiar este evento, perfectamente homologable con outros que se celebran noutras autonomías e comunidades históricas españolas.

A Agadic considera esencial o apoio a este evento, que destaca pola súa firme aposta polo audiovisual galego e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional. O esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que se leva a cabo a través da organización deste evento, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria audiovisual que a Agadic realiza, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que se asina este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da trixésima edición do Festival Internacional de Cine de Ourense-OUFF en 2025, que organiza a Asociación Cultural Luarada.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

Tendo en conta o carácter específico da actuación, e a súa inclusión nas directrices estratéxicas da Agadic, así como a posesión da marca OUFF por parte da Asociación Cultural Luarada para a organización da trixésima edición do Festival Internacional de Cine de Ourense, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.



A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

A entidade levará a cabo as actividades relacionadas coa trixésima edición do Ourense Film Festival-OUFF, que se desenvolverá do 26 de setembro ao 5 de outubro de 2025 en diversos espazos da cidade ourensá, ofrecendo un amplo programa conformado polas seccións oficiais competitivas: longametraxes (sección oficial internacional e sección Panorama Galicia) e curtametraxes (sección oficial internacional e sección Panorama Galicia), que compiten polos diferentes premios outorgados polo festival nas diferentes seccións (Oficial internacional e Panorama Galicia), completados cos de carácter honorífico (Calpurnia de honra, Premio especial OUFF, Premio honorífico AISGE e Premio Chano Piñeiro) así como o Premio Especial á Mellor Ópera Prima Nacional e os Premios Faíscas.

Á actividade competitiva súmase unha serie de seccións paralelas que completan a programación do OUFF 2025: Inédito en Ourense, dedicado nesta edición ao cine arxentino; Made in OU, Cine familiar, OUFF efemérides, OUFF series, OUFF social, Ciclo Xeración OUFF, OUFF Film Symphony, Exposición Making movies, Roteiro OUFF; sesións especiais para proxectar aqueles filmes que non teñen encaixe noutras seccións do festival; concursos como Faíscas e OUFF Escola; publicacións e outras iniciativas como OUFF Theme, peza musical composta exclusivamente para o evento que constituirá o leitmotiv nos diferentes espazos e actividades do OUFF.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 60.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 781.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O custe total das actividades obxecto de subvención é de 405.000 euros, impostos incluídos. A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderase realizar un pagamento anticipado por importe de ata o 80 %, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, logo da autorización do Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,



aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 67.4. da mesma norma.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, sen prexuízo das demais obrigas que resulten do presente convenio:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores; e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma. O cumprimento destes requisitos poderá ser comprobado pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.



e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Levar unha contabilidade separada ou o establecemento dun código específico en relación cos gastos e ingresos vinculados coa subvención.

g) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa, agás naqueles materiais que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño, non sexa factible a súa inclusión.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederáse conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2025 e a data límite de xustificación.

| GASTOS SUBVENCIONABLES | IMPORTE SEN IVE | IMPORTE CON IVE |
|---|------------------|------------------|
| Actuacións | | |
| 1. Organización | 74.235,45 | 76.900,19 |
| <i>Servizos</i> | 12.689,22 | 15.353,96 |
| <i>Persoal contratado para o evento</i> | 61.546,23 | 61.546,23 |
| 2. Proxección de filmes | 34.000,00 | 41.140,00 |
| <i>Servizos</i> | | |
| 2.1. Coordinación proxeccións | 6.000,00 | 7.260,00 |
| 2.2. Conexión e mantemento do sistema DCP | 2.000,00 | 2.420,00 |
| <i>Subministracións</i> | | |
| 2.3. Alugueiro proxector DCP Auditorio | 6.000,00 | 7.260,00 |
| <i>Outros</i> | | |
| 2.4. Dereitos de exhibición dos filmes | 20.000,00 | 24.200,00 |
| 3. Espazos de exhibición | 10.400,00 | 12.584,00 |



| | | |
|--|------------------|------------------|
| <i>Servizos</i> | | |
| 3.1. Limpeza Claustro San Francisco | 400,00 | 484,00 |
| <i>Outros</i> | | |
| 3.2. Alugueiro espazos de proxección | 10.000,00 | 12.100,00 |
| 4. Actividades paralelas | 33.930,00 | 41.055,30 |
| <i>Servizos</i> | | |
| 4.1. Actuacións musicais | 8.250,00 | 9.982,50 |
| 4.2. Desenvolvemento do programa OUFF en ruta | 3.500,00 | 4.235,00 |
| 4.3. Gastos relativos á exposición Making movies | 10.000,00 | 12.100,00 |
| 4.4. Encontro produtoras de cine | 6.000,00 | 7.260,000 |
| 4.5. Coordinación do programa "Faíscas" | 1.500,00 | 1.815,00 |
| 4.6. Aloxamentos e mantenzas dos participantes no programa "Faíscas" | 4.680,00 | 5.662,80 |
| 5. Premios | 49.900,00 | 50.530,00 |
| <i>Subministracións</i> | | |
| 5.1. Trofeos | 3.000,00 | 3.630,00 |
| <i>Outros</i> | | |
| 5.2. Dotación económica premios | 46.900,00 | 46.900,00 |
| 6. Convidados | 34.000,00 | 41.140,00 |
| <i>Servizos</i> | | |
| 6.1. Coordinación hospitalidade | 6.500,00 | 7.865,00 |
| 6.2. Desprazamentos | 9.500,00 | 11.495,00 |
| 6.3. Aloxamentos | 8.500,00 | 10.285,00 |
| 6.4. Mantenzas | 9.500,00 | 11.495,00 |
| 7. Galas (inauguración e clausura) | 21.500,00 | 25.080,00 |
| <i>Servizos</i> | | |
| 7.1. Guión e dirección | 3.000,00 | 3.630,00 |
| 7.2. Xestión de entradas e protocolo | 3.500,00 | 4.235,00 |
| 7.3. Seguridade | 300,00 | 363,00 |
| 7.4. Maquillaxe e perruquería dos presentadores | 600,00 | 726,00 |
| 7.5. Realización de directo para a emisión a través da plataforma Agalega | 4.000,00 | 4.840,00 |
| <i>Subministracións</i> | | |
| 7.6. Alugueiro equipo electróxico | 1.600,00 | 1.936,00 |
| 7.7. Cátering | 8.500,00 | 9.350,00 |
| 8. Publicidade e difusión | 73.631,00 | 89.093,51 |
| <i>Servizos</i> | | |
| 8.1. Deseño liña gráfica do festival e dos materiais de difusión | 10.000,00 | 12.100,00 |
| 8.2. Comunicación, RRSS e web | 32.000,00 | 38.720,00 |
| 8.3. Cobertura fotografía e vídeo | 5.000,00 | 6.050,00 |
| 8.4. Prensa | 2.500,00 | 3.025,00 |
| <i>Subministracións</i> | | |
| 8.5. Merchandising | 3.000,00 | 3.630,00 |
| 8.6. Materiais de difusión (lonas, cartelería, adhesivos de chan, sinalética...) | 21.131,00 | 25.568,51 |
| 9. Publicacións | 14.500,00 | 16.695,00 |
| <i>Servizos</i> | | |
| 9.1. Redacción libro conmemorativo 30 aniversario | 4.500,00 | 5.445,00 |
| <i>Subministracións</i> | | |
| 9.2. Impresión libro conmemorativo 30 aniversario | 5.000,00 | 5.200,00 |
| 9.3. Impresión programas e catálogo | 5.000,00 | 6.050,00 |
| 10. Gastos xestión | 9.900,00 | 10.782,00 |
| <i>Servizos</i> | | |



| | | |
|---|-------------------|-------------------|
| 10.1. Gastos de administración do proxecto | 2.000,00 | 2.420,00 |
| 10.2. Gastos de xestión (90 % dos custos dos meses de maio a outubro) | 2.200,00 | 2.662,00 |
| <i>Outros</i> | | |
| 10.3. Reguro RC e de vountariado | 700,00 | 700,00 |
| 10.4. Gastos financeiros | 5.000,00 | 5.000,00 |
| TOTAL | 355.996,45 | 405.000,00 |

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 17 de novembro de 2025. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2026.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de pro rata na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constituía para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

6. A subcontratación das actividades estará limitada polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o 43 do seu Regulamento. No caso de subcontratación con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, estarase ao indicado no artigo 27.7º d) da Lei de subvencións e no 43.2 do seu Regulamento, debendo obterse a previa autorización por parte da Agadic.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓN S DE PAGAMENTO

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 80 % do importe subvencionado poderase aboar en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio, e coa presentación previa por parte da entidade beneficiaria da seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A declaración responsable de non incorrer nalgunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



3. Solicitude de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

b) A cantidade restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia, segundo o seu manual de identidade corporativa.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe vir clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas na cláusula relativa aos gastos subvencionables deste convenio.
- Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os documentos de gasto e de pagamento deben presentarse clasificados e ordenados segundo a relación clasificada de gastos presentada. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento. No caso dos premios de contido económico, deben xustificarse coa achega, ademais do xustificante de pagamento correspondente, da acta do xurado, resolución ou documento acreditativo equivalente.
- No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade
- Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e o destinatario, asinado por ambas as partes. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e outros gastos asociados á viaxe de ser o caso (peaxe, aparcamento, combustible) e deberá acompañarse cos documentos acreditativos que se relacionen na axuda de custo. En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.
- Para os gastos de aloxamento, restauración e mantenza, como no resto dos gastos, só se admitirán aqueles gastos que figuren pagados pola entidade beneficiaria, polo que non se admitirán gastos que non fosen aboados directamente pola entidade aos distintos provedores dos servizos.

Exclusivamente para os gastos de restauración e mantenza, en casos excepcionais en que se xustifique por parte da entidade beneficiaria a imposibilidade de obter a correspondente factura ordinaria, poderase admitir a xustificación do gasto mediante a achega de factura simplificada, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar aqueles datos necesarios que vinculen como



pagadora a entidade beneficiaria, así como o tipo de IVE aplicado, ademais dos datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total, número de serie e data. A xustificación destes gastos con facturas simplificadas debe restrinxirse unicamente a aqueles casos excepcionais en que se xustifique debidamente que non se puido obter a factura ordinaria correspondente.

Na memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados que a entidade debe entregar como parte da documentación xustificativa, debe fundamentarse a necesidade destes gastos relativos a aloxamentos, restauración e mantenza e especificar as persoas que os xeraron e a súa relación coa actividade conveniada.

- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).
- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.
- Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades que inclúa, ademais, a explicación das desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente.

3. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2008, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria. A este respecto, para aqueles casos en que a contía supere os límites legalmente establecidos para o contrato menor, a entidade deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.



A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a citada documentación.

6. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

7. Certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou rateo) do IVE no seu caso.

8. No seu caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 17 de novembro de 2025.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
- A persoa titular da Dirección da Agadic exercerá a presidencia e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.



5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida nos seguintes casos:

- a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.
- b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
- c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:

- no caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.



- no caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención, coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, do logotipo da Xunta de Galicia (agás naqueles materiais en que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño, non sexa factible a súa inclusión), reducirase un 2 % o importe da subvención e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AXENCIA GALEGA DAS
INDUSTRIAS CULTURAIS**

José Carlos López Campos
Presidente do Consello Reitor da Agadic

**POLA ASOCIACIÓN CULTURAL
LUARADA**

Oscar Fernández González
Presidente da Asociación

